



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O INTERCAMBIO DE COÑECEMENTO, A FORMACIÓN E A DIFUSIÓN NO MARCO DO PROXECTO DE COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN "CENTRO GALEGO DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS EN TORNO Á CADEA DE VALOR DO H2 VERDE"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía e Industria formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos, producindo efectos desde o día da súa sinatura, e poderá prorrogarse, por acordo expreso entre as partes, por períodos anuais, sen prexuízo de que calquera das partes poida denunciálo mediante comunicación que dea fe á outra parte, en calquera momento da vixencia do convenio marco, cunha antelación mínima de dous meses.

O presente convenio está suxeito á obtención de financiamento para o proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde" da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID), do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O presente acordo permitirá establecer unha canle de colaboración entre as entidades asinantes con pautas que permitan a comunicación e intercambio de información nos ámbitos da tecnoloxía de produción de H2 verde a partires de auga do mar sen desalgar, no marco do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde"

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





No marco do presente convenio de colaboración ambas as partes mostran a súa vontade de colaborar no intercambio voluntario de información no marco do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde". Por iso, o alcance das actuacións auspiciadas polo mesmo correspóndese co intercambio mutuo e voluntario de información que sexa de interese para ambas as partes no exercicio das súas funcións.

A sinatura do presente convenio marco non xerará custos, nin dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e, por tanto, non precisa consignación orzamentaria; sen prexuízo dos compromisos financeiros que, no seu caso, poidan levar asociados os convenios específicos que posteriormente se formalicen.

Este convenio marco ten natureza administrativa, de conformidade co disposto no artigo 47.1 e 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

O secretaria xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético,

Nicolás Vázquez Iglesias

